

OURENSE ACOLLEU A PRESENTACIÓN DO LIBRO *TEORÍA DE GALICIA* DE RAMÓN OTERO PEDRAYO



De esquerda a dereita: Francisco González, Ana Malingre, Xosé Luís Baltar e Marcos Valcárcel

- A obra, editada por Alvarellos, reúne nun volume de 400 páxinas os 72 escritos que o Patriarca das Letras Galegas publicou en *Vida Gallega* entre 1926 e 1963, todos eles inéditos en libro.
- O volume conta cun limiar do profesor Marcos Valcárcel e coa reprodución de manuscritos inéditos do autor e fotografías da época.
- Otero Pedrayo, que dedica varios capítulos deste libro a Ourense, define a provincia como “pedra angular da Galicia administrativa”.

Alvarellos Editora presentou hoxe na Sala de Xuntas da Deputación de Ourense, nun acto presidido polo responsable de este organismo, Xosé Luís Baltar, e que contou tamén coa participación do profesor e historiador Marcos Valcárcel, o tomo sexto da súa Colección Rescate. Trátase da edición, por primeira vez en libro, de toda a obra xornalística de Ramón Otero Pedrayo para a revista *Vida Gallega*, unhas colaboracións esquecidas que se remontan ao ano 1926 e que chegaron, catro décadas despois, até 1963.

A obra leva por título ***Teoría de Galicia. Obra xornalística en Vida Gallega, 1926-1963***, un libro de 400 páxinas, escrito en galego e castelán e no que se reúnen 72 escritos de temática e xénero variados: dende prosas líricas ata crónicas da época, pasando por ensaios e mesmo relatos de ficción. A visión conxunta de todos eles enxerga toda unha teoría de Galicia e son unha mostra da monumental prosa oteriana e da enorme capacidade intelectual do Patriarca das Letras Galegas.

Para a localización destes artigos foi preciso a búsqueda e consulta dos preto de 700 números publicados da popular revista *Vida Gallega*, cuxa colección completa non se encontra disponible nun só arquivo. Á parte do fondo particular de Alvarelos Editora, foron consultadas as bibliotecas da Fundación Penzol de Vigo, do Museo do Pobo Galego de Santiago e da Universidade de Santiago.

OURENSE NAS PÁXINAS DE *TEORÍA DE GALICIA*

Otero Pedrayo dedica varios capítulos de *Teoría de Galicia* a Ourense. No titulado “Viejos pazos a los soles de Orense”, de 1959, define a provincia como “piedra angular de la Galicia administrativa”.

Nun dos primeiros artigos, “Paisaxes ourensás”, de 1926, poetiza sobre o río Lonia: “Críase nunhas montañas de granito traballado de xeitos pantásticos polas augas baixadas dos cumes máis ergueitos e das nubes feridas nos píncaros das penedías”.

En 1930 describía deste xeito Oseira: “Oseira románica: primavera. Oseira barroca: antano. Dende as ousas da fachada péchase o ciclo das sazóns históricas da arte galega”.

O derradeiro escrito de Otero Pedrayo para *Vida Gallega* coincidiu precisamente coa publicación do último número da revista, en 1963. Leva por título “Ribadavia”, e nel afirma: “Hay estilo de plantación de viña y de campamento romano en la villa que atrae y distrae el camino, da envidia de quedarse a quien pasa sin opción a detenerse”.

MARCOS VALCÁRCEL: “TODO OTERO EN PEQUENAS DOSES”

Esta obra conta cun amplo estudo introdutorio a cargo do profesor, historiador e escritor ourensán Marcos Valcárcel, traballo titulado “Otero Pedrayo no xornalismo galego”. Nel afirma:

En *Teoría de Galicia* atopamos todo o mundo de Otero en pequenas doses (...). Na revista *Vida Gallega* hai dous rexistros diferenciados: os artigos publicados na primeira época, entre 1926 e 1930 (...) son na súa maioría prosas líricas ou ideolóxicas, inzadas dun latexante galeguismo, e textos de reflexión sobre a esencia de Galicia e as súas visións da paisaxe, da historia ou da tradición. Na segunda etapa, a comprendida entre 1954 e 1963, como é lóxico a presenza de contidos especificamente galeguistas ou de maior carga ideolóxica é moito menor, pero Otero Mantén as liñas estruturais básicas do seu discurso: fale das vendimas no Ribeiro, ou da forza do mar na costa de Muxía, ou das festas do

Corpus na súa cidade natal, os elementos fundamentais do mundo oteriano estarán sempre presentes.

Á parte dos textos recóllense neste volume fotografías da época e, sobre todo, varios manuscritos inéditos do autor. A súa incorporación é especialmente significativa, pois neles o lector poderá comprobar o verdadeiro fluír da prosa de don Ramón: as ideas semellan ter agromado nidias –non hai borróns– e abundantes como emerxidas dun manancial.

O AUTOR

Don Ramón Otero Pedrayo (Ourense 1888-1976) foi o máis grande construtor da identidade galega. Catedrático de Xeografía e Historia, integrante da Xeración Nós, deputado na II República... O seu saber monumental e a súa extraordinaria capacidade oratoria convertérono, xa en vida, no Patriarca das Letras Galegas. “Abrazarte a ti é abrazar Galicia”, dixo del Castelao. Como columnista de prensa foi o primeiro en escribir habitualmente en galego.

[Máis información en: www.alvarellos.info]



Rúa das Arribadas 7, 1º C
15706 SANTIAGO (GALICIA)
www.alvarellos.info
Tel: 609 90 88 52